

PROGRAMA DE EMPODERAMENTO DE MULLERES EN TIRUCHY II (WEP II)

Memoria anual 2014



PROGRAMA DE EMPODERAMENTO DE MULLERES EN TIRUCHY II (WEP II)

Memoria anual 2014

INTRODUCCIÓN

Entre os anos 2008 e 2013 Implicadas e PDI traballaron en 5 suburbios e 5 aldeas do distrito de Tiruchirapalli cunha visión integral da erradicación da pobreza dende o xénero e atendendo ás migracións rurais-urbanas. En 2013 deuse por concluída con éxito esta intervención e planificouse unha segunda fase do traballo, seguindo a mesma estrutura e filosofía pero en 5 aldeas e 5 suburbios novos, que se inclúen a continuación e nos que se traballará nos próximos cinco anos.

Urbanas

Suburbio N°	Nome do suburbio	Homes	Mulleres	Poboación total
1	Andakondan/Meenakshi Thoppu	480	520	1.000
2	Kuppankulam	577	587	1.164
3	Mudukkupatti	990	1003	1993
4	Ramachandra Nagar	647	665	1.312
5	Karumandapam (Samathuvanagar)	684	751	1.435
	Total	3.378	3.526	6.904

Rurais

Suburbio N°	Nome do suburbio	Homes	Mulleres	Poboación total
1	Adaikampatti	925	893	1.818
2	Aalampatti	1.196	1.220	2.416
3	Ammachatram	731	839	1.570
4	Karaipatti	1.056	1.030	2.086
5	Karumalai	864	856	1.720
	Total	4.772	4.838	9.610

Durante o primeiro ano (entre xaneiro e decembro de 2014), o proxecto centrouse en establecer unha boa comunicación coa comunidade, crear grupos de axuda mutua (GAM) entre as mulleres e concienciar sobre saúde e cuestións de xénero para resolver os aspectos máis preocupantes detectados durante a planificación. Durante o segundo ano (entre xaneiro e decembro de 2015), levaranse a cabo as mesmas actividades. Durante o terceiro ano (entre xaneiro e decembro de 2016), formaranse os Consellos de Desenvolvemento de Suburbio (CDS) a nivel de suburbio e os Consellos de Desenvolvemento de Aldea (CDA) a nivel aldea, as responsables dos cales serán elixidas sempre democraticamente. No segundo e terceiro ano, ademais, rematará o proceso de identificar e formar o chamado voluntariado de xénero e o chamado voluntariado de saúde comunitaria. Crearanse, por outra banda, clubs para a mocidade e os GAM poranse en contacto cos bancos para recibir apoio financeiro. Durante o cuarto ano (entre xaneiro e decembro de 2017), o equipo implicarase na formación das entidades comunitarias, como os CDA e os CDS.

Por último, durante o quinto ano (2018), o proxecto centrarase en deixar o programa en mans das organizacións con base na comunidade, isto é, os citados Consellos de Desenvolvemento, tanto de suburbio como de aldea, así como o Consello de Goberno Comunitario (CGC). Ademais, esforzarase en ir en consonancia coa estratexia proposta e mellorar o nivel de formación comunitaria para a propia comunidade poida emprender o programa de xeito independente.

O obxectivo deste programa é contribuír á erradicación da pobreza en cinco suburbios e en cinco aldeas seleccionadas do distrito de Tiruchirapalli a través do empoderamento das mulleres desde unha perspectiva económica, social, política e de xénero.

Para isto o programa traballará o empoderamento dende un punto de vista individual e comunitario en todas as súas vertentes. Isto quere dicir que se incluírán actividades para a mellora da situación económica, educativa, sanitaria e de dereitos das mulleres mais tamén se traballará sobre todo na sensibilización de xénero de toda a comunidade. Esta memoria recolle o traballo feito durante o primeiro ano da intervención.

ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2014

1) Empoderamento das mulleres

Orientación para a formación de Grupos de Axuda Mutua (GAM)

Durante o ano 2014 organizáronse 15 sesións de orientación para a formación de grupos de axuda mutua (GAM), 8 en zona rural e 7 en zona urbana.



Asistiron 202 mulleres que puideron coñecer de forma máis detallada en que consisten os GAM, número de integrantes, responsabilidades, proceso de acceso a crédito, mantemento de libros contables, etc.

Formación de GAM

Neste período formáronse **10 GAM**, 8 en zona rural e 2 en zona urbana que agrupan a **147 mulleres**. Todos os grupos teñen conta bancaria en diferentes entidades. En total todos os grupos aforraron **730 euros** (véxase a seguir a lista de grupos e o estado do aforro en rupias).



Ademais o programa ten un centro de costura e un centro de informática ao que poden acceder as mulleres dos GAM e tamén mozas da comunidade para mellorar a súas posibilidades de acceder a emprego. Neste ano 74 mulleres recibiron formación no centro de informática e 22 en costura.

Núm.	Aldea/Suburbio	Nome do grupo	Total	Total	Total	Total	Total	Total
			Integrantes	Aforro	Suscripción	Xuros	Empréstito	Gasto
1	Andakondan	Kathirthamarai	15	9000	900	1377	9400	
2	Kuppankulam	Suyabu	18	12000	690	942	9900	
3	Karumalai	Roja	15	6000	600	750	5000	
4	Karumalai	Idi	13	5200	325	560	4000	
5	Karumalai	Kambakaruppan	16	6100	390	740	6000	
6	Karumalai	Muthalamman	12	4800	360	660	4900	
7	Aalampatty	Sindhunathi	16	3200	320	960	2000	
8	Aalampatty	Kangainathi	15	3000	300	900	2500	
9	Aalampatty	Vaigainathi	15	1500	150	900	0	
10	Adaikampatty	Imayam	12	1200	60	780	0	
		Total	147	<u>52000</u>	<u>4095</u>	<u>8569</u>	<u>43700</u>	

Sensibilización de xénero

Neste ano comezou o traballo tamén de sensibilización de xénero. Polo de agora só se organizou unha xuntanza para **19 mulleres** en Mudukkupatti para comezar a debater cuestións relativas á desigualdade de xénero. Ademais, traballouse con mozas en dous programas de sensibilización en Karumalai e Kallakampatti nos que participaron **228 mozas**. Os temas que se trataron foron os abusos sexuais, como identificar situacións de perigo e que facer nelas, ademais de como defenderse dun ataques. A maiores, outras **16 mozas máis** asistiron a unha proxección de vídeos sobre igualdade de xénero en Kattur.



Celebración do Día da muller e do Día Internacional contra a Violencia de Xénero

A celebración do 8 de marzo tivo lugar o día 14 no Roshan Mahal de Tiruchy. Como convidada de honra contouse coa escritora feminista Thamizhachi Thangapandiyam. Deu partida á manifestación Nirmalarani, avogada feminista que traballa polos dereitos das mulleres.



Igualmente o programa celebrou o día 25 de novembro xunto coa autoridade de servizos legais do distrito na escola primaria Quaethe Millath de Tiruchy. Asistiron aos actos unhas 115 mulleres. As convidadas foron as xuízas

Jesintha Martin e Deepthi Arivunidhi e os xuíces P. Madhusoodhanan, V. Padhmanathan, P. Rajaram e a presidenta do colexio de avogacía de Támil Nadu S. Martin. A coordinadora do programa de empoderamento de mulleres Jesintha deulles a benvida ás participantes e convidadas e presentou as actividades do centro de atención ás mulleres e falou da importancia do 25 de novembro. A xuíza Jesintha Martin fixo fincapé na importancia de educar as nenas e mulleres en como protexerse da violencia. Para isto o primeiro paso é que nas familias se cree un espazo onde as nenas e nenos poidan falar e onde se poida tratar o tema da violencia e como facerlle fronte.

Centro de atención ás mulleres

Neste ano a maioría das mulleres que se achegaron ao centro foi por cuestións relativas a violencia na familia. En total o centro asistiu a **52 mulleres** que chegaron ao centro por diferentes vías. Dúas mulleres foron derivadas ao servizo gratuito de apoio legal do distrito, dúas á comisaría de policía de mulleres e 12 máis tamén recibiron apoio legal gratuito. Seis mulleres continúan en seguimento.



Ademais, o centro organizou cinco sesións dos “campamentos legais” en colaboración cos servizos legais do distrito de Tiruchy ás que asistiron **243 mulleres** e que se organizaron en Mudukkupatty, Kattur, Mahalakshmipuram, Koradanthoppu & Panjukidangu. O xuíz Parthasarathy e os avogados e avogadas John Britto, Jeyachandran, Navaneedhakrishnan e Sudha da autoridade de servizos legais do distrito foron as persoas encargadas das sesións. Os temas que trataron incluiron os seguintes:

- Importancia de obter os certificados de nacemento e de defunción
- Lei de “violencia doméstica”
- Lei de prohibición do dote
- Importancia do rexistro legal dos matrimonios
- Dereitos das mulleres
- Requisitos para reclamar manutención en caso de divorcio
- Lei de “matrimonios especiais”
- Lei de adopción

A maiores, Jaibaby, a coordinadora do Centro de atención ás mulleres facilitou 4 sesión (3 en zona urbana e 1 en zona rural) ás que asistiron **63 mulleres** e que reforzaron os contidos dos campamentos legais.

A maiores, a coordinadora do centro asistiu a un curso de revisión para o voluntariado paralegal organizado polos servizos legais do distrito de Tiruchy no mes de xuño.

2) Actividades educativas e sanitarias

Clases de apoio

Esta actividade axuda as crianzas a mellorar a súa aprendizaxe mediante clases diarias. En particular prestamos atención a que as nenas poidan contar cunha atmosfera conducente ao estudo e que poidan aclarar as súas dúbidas da escola. A maioría delas cando están na casa adoitan ter que ocuparse de cousas da casa sobre todo polas tardes. Mesmo se teñen tempo non adoita haber ninguén que as axude nos estudos porque a maioría das familias son analfabetas. No espírito da coeducación tamén os nenos participan nas clases.

As clases de apoio teñen lugar cada tarde e van da man das animadoras que asisten as crianzas. O programa tamén organiza exames trimestrais para garantir o progreso constante das crianzas. Dáselles unha cartilla que axuda a facer un seguimento da educación das crianzas. O obxectivo é que ao final do programa 300 crianzas, polo menos 150 nenas, participen destas clases. Neste ano foron **157 nenas e 132 nenos (289)** quen asistiron ás clases de apoio. A táboa amosa a distribución por localidade.

Xaneiro a decembro de 2014

Zona	Trimestre 1			Trimestre 2			Trimestre 3			Trimestre 4		
	B	G	T	B	G	T	B	G	T	B	G	T
Andakondan	0	0	0	7	3	10	8	17	25	9	15	24
Kuppankulam	0	0	0	12	13	25	18	14	32	18	14	32
Mudukupatti	13	9	22	10	10	20	11	20	31	12	21	33
Ramachandranagar	0	0	0	11	18	29	10	17	27	10	17	27
Samathuvanagar	0	0	0	14	20	24	11	11	22	11	11	22
TOTAL	39	28	67	54	70	108	58	79	137	60	78	138
Adaikampatty	0	0	0	15	25	40	18	20	38	21	27	48
Ammachatrapudhur	0	0	0	8	12	20	12	12	24	11	12	23
Aalampatty	0	0	0	10	12	22	8	9	17	20	16	36
Karumalai	0	0	0	15	10	25	12	12	24	10	13	23
Karaipatti	0	0	0	11	15	26	9	12	21	5	10	15
TOTAL	0	0	0	59	74	133	59	65	124	67	78	145

Xuntanzas entre familias e animadoras

Para reforzar os esforzos no campo da educación organizanse encontros coas familias das crianzas que acoden ás clases de apoio. Deste xeito tamén se anima a que envíen as crianzas ao programa e se interesen e dean valor á súa educación, en particular a das nenas. Neste ano organizáronse **75 xuntanzas**. Asistiron **351 mulleres e 6 homes**. O persoal procura que a implicación dos homes vaia aumentando ao longo do programa.

Campamento de verán

Do 22 ao 25 de maio organizouse un campamento de verán para crianzas tanto da zona rural como urbana na escola pública de Senthaneerpuram. Participaron unhas 85 crianzas que puideron gozar facendo manualidades, reciclaxe, ioga, debuxo, etc. O tenente de alcalde, o sr. Ashiq Meeran inaugurou o campamento de verán e tamén distribuíu os recoñecementos ás crianzas que sacaran as mellores notas. Polas tardes as crianzas tiñan tempos de xogos. O campamento foi posible grazas á contribución altruísta de persoas de Tiruchy.



Outras actividades de apoio educativo



Durante este ano organizáronse tamén diferentes cursos de apoio. Todas as crianzas das clases de apoio dos suburbios asistiron a un curso de manualidades (38 nenas e 19 nenos) no que aprenderon debuxo, papiroflexia, mosaicos con la. A instrutora foi Jayshree, profesora de manualidades.

Neste ano tamén se organizou un programa de escrita para 45 nenas e nenos en colaboración co Bishop Herbert Collegue da cidade de Tiruchy. As crianzas aprenderon como escribir redaccións, a recitar o clásico támil Thirukkural, canto e oratoria.

Educación non formal

Esta actividade busca dar apoio principalmente a mulleres analfabetas para poder aprender os rudimentos básicos da escrita, a lectura e o cálculo en támara. As animadoras imparten as clases de forma personalizada polas tardes cando as mulleres teñen tempo. O obxectivo e que ao final do programa 100 mulleres pasasen polas clases. Neste ano participaron de forma permanente **26 mulleres e 2 homes** que aprenderon a ler palabras simples e a escribir o seu nome.

Seguimento de mulleres embarazadas

O persoal do proxecto comezou o traballo de interacción coas mulleres embarazadas para asegurar a súa cobertura sanitaria. 127 mulleres embarazadas e 137 que xa pariran recibiron apoio e información que levou a que seguisen o patrón de vacinacións axeitado. Ademais neste ano fíxose unha xuntanza de sensibilización sobre o embarazo á que asistiron 22 mulleres.

Campos sanitarios

Os campos sanitarios son unha actividade médica paliativa na que, tras identificar doenzas prevalentes na comunidade, se solicita a colaboración desinteresada de persoal médico para que poida facer unha revisión in situ de pacientes, aos que poden tratar ou derivar. Esta actividade axuda a que a poboación coñeza mellor aspectos de saúde e saiba cando ten que buscar atención médica, ademais da resolución de problemas médicos concretos. Neste ano organizáronse os seguintes campos sanitarios:

- Campo de ortopedia no Geethanjali Medical Centre de Tiruchy en Ramachandra Nagar. 101 mulleres e 16 homes (117) recibiron atención e 26 foron derivadas/os para tratamento posterior. O facultativo encargado de atender as/os pacientes foi o doutor Srinivasan.

- Organizouse un campo de medicina xeral en colaboración co Child Jesus Medical Hospital de Tiruchy no que se tratou a 86 mulleres, 16 homes, 34 nenas e 38 nenos (174 persoas). 37 foron derivadas a outros tratamentos no hospital Annal Gandhi Memorial. A doutora Meenakshi Sundaram foi a encargada de levar adiante o campo.
- Organizouse un campo oftalmolóxico en colaboración co Joseph Eye Hospital de Tirucy en Adakondan. 127 mulleres, 26 homes, 23 nenas e 22 nenos recibiron atención (198) e 76 foron derivados. O doutro Sathish Kumar foi o encargado de atender as/os pacientes.



Campañas de sensibilización sanitaria

Durante este período organizáronse 27 campañas de sensibilización sobre a tuberculose na zona rural do programa. En total asistiron **376 persoas** para coñecer como se transmite esta enfermidade e vías de tratamento.



Neste ano organizáronse 13 xornadas de formación sobre hixiene menstrual (12 en zona urbana e 1 en zona rural) ás que asistiron **176 mulleres** para coñecer mellor aspectos de hixiene e saúde relativos

á menstruación como por exemplo a necesidade de evitar o uso de trapos, como desbotar correctamente as compresas. Tamén se organizaron dous programas específicos para adolescentes aos que asistiron **26 mozas**. Jesintha, a coordinadora do programa, facilitou a sesión.

Igualmente neste período se realizaron seis programas de sensibilización sobre o VIH/SIDA ao que asistiron **200 mulleres** das zonas rurais e urbanas. O contido da sesión incluíu aspectos sobre o que é o VIH, cales son as vías de contaxio, cales son as medidas preventivas e prácticas seguras, as probas de detección e onde realizalas. Tamilarasi e Parameshwari do programa de intervención na VIH de Tiruchy foron as encargadas de organizar a sesión.

Tamén se organizou un programa de sensibilización sobre o cancro coa asociación Harshamithra de Tiruchy en Andakondan e asistiron **32 mulleres**. Nesta sesión falouse sobre as causas e consecuencias do cancro, tratamento, cancro de peito e de útero, síntomas, diagnóstico, etc.

Ademais disto, a colaboración de PDI con centros formativos da cidade de Tiruchy levou a que se puidesen organizar outros programas a maiores. Un deles tivo lugar en Koradanthoppu co tema “saúde e hixiene”. Asistiron **85 mulleres**. O doutor convidado, Kamaraj, explicou aspectos das plantas medicinais.

Tamén se organizou un programa sobre hixiene do entorno e vida saudable en Mudukkupatti. A profesora Kalavathy do departamento de botánica facilitou o programa ao que asistiron **48 mulleres**.

Voluntariado sanitario



Durante este ano tamén se impartiu un día de orientación para o voluntariado sanitario. Estas son persoas que se irán formando ao longo do programa, primeiro para apoiar ás traballadoras na identificación e derivación de persoas doentes a centros de saúde e logo para facerse cargo ao final do programa de todos os compoñentes sanitarios. Neste momento xa axudan tamén na organización de campañas e campos sanitarios. Ata o momento identificáronse **28 mulleres** como voluntarias sanitarias.

3. CONCLUSIÓNS

Este primeiro ano de traballo aléntanos a seguir adiante. As comunidades das novas aldeas e suburbios recibiron as actividades do programa de forma moi positiva. Todas as actividades comezaron sen grandes problemas nas novas 10 zonas de traballo. O persoal xa tiña experiencia en programas anteriores e iso axudou moito porque a súa calidade tanto profesional como humana é fundamental para poder chegar ao final do ano con estes primeiros resultados. Aínda así, resultou complicado atopar traballadoras de base nas novas aldeas e suburbios pero finalmente puido completarse o proceso e comezar coa capacitación destas novas compañeiras.

A presenza de institucións de microcrédito e microfinanciamente resulta unha dificultade grande á hora de traballar dado que distribúen cartos e un alto interese. O microcrédito, en comparación cos GAM, non pon énfase no aforro e demais aspectos sociais e políticos, e os cartos proveñen a fin de contas dunha entidade externa que queda cos xuros e co fondo. O persoal ten que sensibilizar as mulleres para que entendan a importancia do aforro e de que os cartos dos GAM serán sempre seus.

O voluntariado sanitario e de xénero comezou con entusiasmo o seu traballo, o cal nos dá esperanzas de conseguir un cambio perdurable nos próximos anos. Ata chegar a ese punto o persoal tamén se esforza en ir establecendo vínculos entre a comunidade e os servizos gobernamentais ou privados que poidan soste o progreso sen o apoio de Implicadas.

Este primeiro ano pon os alicerces para podermos seguir camiñando cara á independencia das comunidades en xeral e das mulleres en particular dentro destas.

4. BALANCE ECONÓMICO WEP II 2014



A continuación presentamos o balance económico deste primeiro ano do programa. O programa foi financiado na súa totalidade con fondos propios de Implicadas procedentes das cotas de socias/os e das actividades realizadas polo voluntariado.

Ingresos	Rupias	Euros	Gastos	Rupias	Euros
Balance de apertura					
En man	3214	41,09	Xuntanzas do persoal	6108	78,09
No banco	29178	373,02	Material de oficina	20974	268,14
Transferencias Implicadas	1029651	13163,4	Teléfono e correos	49594	634,02
Xuros	184	2,35	Desprazamentos persoal	49563	633,63
			Coordinación	36000	460,23
			Outros	5992	76,60
			Documentación	9347	119,49
			Alugueiro e electricidade	144909	1852,56
			Salario asistente oficina	40500	517,76
			Honorario director	60000	767,06
			Honorario instructora informática	32000	409,10
			Desprazamentos centro at mulleres	9000	115,06
			Liña telefónica centro at mulleres	9000	115,06
			Salarios coordinadoras	358820	4587,26
			Salarios contable	60000	767,06
			Honorario animadoras	100944	1290,50
			Auditoría	6000	76,71
			Enquisa de base	7900	101,00
			Formación manualidades	1255	16,04
			Formación voluntariado de xénero	505	6,46
			25 de novembro	6340	81,05
			Seguimento programas anteriores*	19800	253,13
			Balance de peche		
			En man	4618	59,04
			No banco	23058	294,78
	1062227,00	13579,82		1062227,00	13579,82



*Este ano celebráronse os 10 anos da tsunami e con motivo disto o equipo de PDI e Implicadas realizaron unha serie de actividades de seguimento das cales se derivou tamén a publicación do A Fondo dedicado ao traallo de Implicadas na tsunami en Sermos Galiza.

Voces dende o programa



Kanaga ten 41 anos e vive en Mudukkupati. O seu home é xornaleiro e ten dous fillos e dúas fillas que están na escola. As dúas fillas e un dos fillos van ás clases de apoio de PDI mentres que ela mesma acode ás clases de alfabetización nas que amosa un gran interese.



Jaya vive en Jailpettai. Ten un fillo e dúas fillas que van á escola. Ten unha tenda de costura no seu barrio onde prepara todo tipo de vestidos para mulleres. Jaya obtivo apoio mediante o programa de xeración de ingresos para poder adquirir unha máquina de bordado e ampliar o seu negocio.

Umarani ten 36 anos e vive en Kattur. É animadora do GAM Kurinji deste barrio e tamén se formou como voluntaria de xénero durante o programa anterior. En outubro de 2014 o centro de atención ás mulleres organizou un campamento legal na zona e derivou unha moza de 15 anos a quen casaran 6 anos antes. O seu home ademais de ser un borracho batía nela de cotío. As integrantes do GAM de Umarani decidiron protexer a aínda nena do seu home e ademais ter en conta que facer co feito de se tratar dun matrimonio infantil. Trataron o tema no campo legal e a moza foi á oficina de

PDI para recibir asesoramento e logo foi derivada á asistencia legal do distrito. O comité de menores fíxose cargo dela e puido saír da súa situación.



Kanmani ten 19 anos e vive en Ammachatrapudhur. Os seus pais traballan como xornaleiros no campo. Ela estudou ata décimo curso pero debido á difícil situación económica da familia tivo que deixar os estudos. Ten un irmán maior que é panadeiro en Manaparai e dúas irmás que van a escola. Este ano asistiu ao curso de costura que pon en marcha PDI. A familia anímaa a que continúe no curso e ten previsto dedicarse á costura cando remate.